



# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

**Grao en Dereito**

**Curso Académico: Curso 2019-2020**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2019-2020
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2 - Información e transparencia
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
      - [AM-4](#)
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
    - Outros criterios
      - [AM-1](#)
      - [AM-9](#)
      - [AM-10](#)
      - [AM-11](#)
  - Finalizadas Curso 2019-2020
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [AM-3](#)
    - Criterio 2 - Información e transparencia
      - [AM-2](#)
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
      - [AM-5](#)
      - [AM-6](#)
      - [AM-7](#)
      - [AM-8](#)
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Dereito
Mencións/Especialidades	-
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Dereito
Centro/s onde se imparte	Facultade de Dereito
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Abogado, Procurador.
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O título de Graduado en Dereito mantén a súa relevancia e está plenamente actualizado, tanto en relación aos requisitos do ámbito académico, como aos científicos e profesionais. Tal e como se ten salientado tanto na Memoria verificada como no Informe de Renovación da Acreditación e os sucesivos Autoinformes de Seguimento, os estudos xurídicos teñen estado presentes na Universidade europea desde as súas orixes, no século XI. No caso da Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito retrotrae as súas orixes ao ano 1649. Dende entón e ata a actualidade, tense ocupado da formación xurídica universitaria en Galicia de xeito exclusivo hasta a década dos noventa do século pasado, cando se implantaron as demais Facultades xurídicas do SUG. Malia este dato, o Grao ofertado na nosa Facultade segue a ser o de maior demanda de todo o Sistema Universitario Galego, con 635 solicitudes de admisión no curso 2019/2020, cunha nota de corte de acceso desde o bacharelato de 6.76 e unha nota media dos alumnos matriculados dun 10.94 (fonte: CIUG). A tendencia mantense no dobre itinerario Dereito- Relacións laborais (simultaneidade de estudos), pasando, polo que respecta á nota de corte, dun 8,911 no curso 2015/2016 ao 9.59 no 2019/2020, e a unha nota media de 10.30.

- Polo que se refire aos nosos egresados do Grao en Dereito, o grao de satisfacción xeral coa titulación é dun 2.87 no curso 2019/2020 (INF22), baixando lixeiramente con respecto á do ano precedente, o que pode atopar explicación na situación derivada da COVID-19. Sen dúbida, o dato máis significativo con respecto aos egresados o arroxa o IN22G. *Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións.* A porcentaxe situouse no 51.48% fronte ao 48.75%, do curso 2016/2017, a pesares das dificultades para facer prácticas en empresas, derivadas da situación COVID. Este dato reflicte a vontade dos nosos estudantes de complementar a súa formación xurídica teórica coa práctica.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- A oferta de materias axústase con carácter xeral ao establecido na memoria verificada
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, e sistemas de avaliación correspondeuse co establecido na memoria e na modificación solicitada no anterior autoinforme, permitindo a consecución das competencias ata o 14 de marzo de 2020, momento en que se decreta o Estado de Alarma pola situación COVID-19 e o confinamento domiciliario, que obrigou a modificar as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación. O Sr. Reitor da USC, Antonio López Díaz, en coordinación coas autoridades sanitarias galegas e, de acordo cos outros dous reitores do SUG, acordou suspender a actividade docente presencial dende o venres, 13 de marzo, por Resolución de 12 de marzo, que dispuña, especificamente, "Primeiro. Suspender de xeito temporal toda actividade docente presencial no ámbito da Universidade de Santiago de Compostela, incluíndo as actividades docentes prácticas que se realizan en empresas, organismos e institucións. Segundo. Encomendar á Xerencia desta Universidade a adopción das actuacións necesarias para compatibilizar o axeitado funcionamento dos distintos Servizos e a conciliación da vida familiar, facendo uso de medidas como o sistema de teletraballo ou a reordenación das quendas de traballo. Terceiro. Encomendar á Secretaría Xeral e ás vicerreitorías con competencias nas materias correspondentes arbitrar os sistemas de videoconferencia, traballo colaborativo e ensinanza virtual para substituír a actividade docente presencial, así como facer posibles as actividades de investigación, doutoramento, transferencia e innovación, extensión universitaria e difusión da cultura de maneira compatible con sistemas que minimicen as reunións presenciais".

Por Resolución reitoral de 13 de marzo adóptanse medidas para a execución do acordado na Resolución de 12 de marzo. Asemade, por Resolución reitoral de 14 de marzo, decidiuse o peche Xeral das instalacións da Universidade, e por Resolución de 16 de marzo, determinouse o sistema de prestación de servizos do PDI e do PAS durante o período que durase o estado de alarma.

Por Resolución de 7 de abril se dispuxeron medidas para garantir unha docencia non presencial de calidade: "Co fin de asegurar a calidade da docencia non presencial impartida, o profesorado responsable de cada unha das materias das titulacións de grao e máster deberá acreditar o cumprimento das seguintes obrigas: a) Ter operativa unha aula virtual a disposición do seu alumnado. b) Manter abertas canles de comunicación directa co alumnado (titorías, sesións virtuais etc.) c) Adaptar a programación docente prevista para o presente cuatrimestre ás metodoloxías non presenciais, a través da modificación das guías docentes. d) Respetar as datas contempladas no calendario académico aprobado para este curso 2019-2020. e) Adecuar a actividade aos contidos previstos de cada materia, coas adaptacións que resulten imprescindibles e se xustifiquen adecuadamente. f) Subministrar ao alumnado materiais, ferramentas e orientacións para a preparación dos contidos e a adquisición das competencias. g) Ofrecer unha temporalización das actividades a realizar que sexa respectuosa co calendario académico e coas cargas de traballo do alumnado. h) Definir probas de avaliación, que deberán ser flexibles e adaptarse ás circunstancias excepcionais nas que se desenvolveu a docencia a partir do 15 de marzo, e comunicar ao alumnado con antelación suficiente calquera cambio nos tipo de probas, baremos ou criterios". Os coordinadores dos títulos ocupábanse de garantir o cumprimento destas obrigas.

Por acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020 regulouse o sistema de avaliación, de acordo cos seguintes principios:

- a) Flexibilidade, para adaptarse á situación especial do estudantado nun contexto excepcional.
- b) Garantía de que todo o estudantado poida participar nas probas programadas en condicións axeitadas.
- c) Preferencia polos mecanismos de avaliación non presencial que non requiran da realización de exames.
- d) Garantía de continuidade do proceso formativo de forma que o impacto sobre o estudantado sexa mínimo, asegurando en todo caso a adquisición das competencias básicas.

Tal acordo dispoñía tamén dúas modalidades de avaliación: a. Avaliación non presencial sen proba final (avaliación continua) e b) Avaliación non presencial con proba final telemática. E que a avaliación non presencial sen proba final (avaliación continua) tería preferencia sobre a modalidade de avaliación con probas finais telemáticas. O problema xurdiu porque preferencia non quere dicir obrigatoriedade e houbo profesores e profesoras que, non tendo material suficiente (portafolios) para avaliar ó seu alumnado de forma continua, optou pola avaliación final non presencial con proba final telemática, o que provocou o enfado do estudantado que desexaba ser avaliado por avaliación continua exclusivamente.

Unha das normas da Universidade que xerou máis polémica entre o profesorado foi a Instrución da Secretaría Xeral 2/2020 para a aplicación do artigo 4.3 do Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola Covid-19, de acordo coa cal "1. O profesorado cubrirá as actas das materias anuais e do segundo cuatrimestre, incluídos TFG, TFM e prácticas do curso 2019/20 conforme ao réxime ordinario, incluíndo a cualificación que corresponda. 2. No caso de que o/a estudante supere a materia e a cualificación obtida sexa inferior á nota media do seu expediente, calculada

conforme ao indicado nesta Instrución, a cualificación que se imputará no expediente será esta última". Esta medida afectou considerablemente ós resultados de avaliación global do curso 2019-2020, como mais tarde veremos.

- Polo que se refire aos tamaños dos grupos, aínda que a media de alumnos por grupo de teoría mantense dentro das previsións da Memoria (66.2 IN31G), no caso da docencia práctica presenta unha desviación excesiva con respecto ás previsións iniciais, situándose a media en 36.87, no curso 2019/2020 (IN32G), número real moito máis elevado nos primeiros cursos do Grao e nalgúns materias illadas en terceiro e cuarto, un pouco lonxe dos 20 estudantes previstos na Memoria, aínda que sensiblemente inferior que nos cursos precedentes.
- Non existen cursos de adaptación nin no Grao en Dereito nin no Dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- O alumnado da Facultade destaca pola súa participación en programas de mobilidade. : O desglose por programas no curso 2019/2020 é o que segue:
  - Polo que respecta a alumnado saínte:
    - ERASMUS+ : 43 alumnos do Grao en Dereito e ningún do Dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos (frente ós 36 en total do curso 2018/2019)
    - CONVENIO BILATERAL: 2 alumnos (exactamente igual que no curso anterior). Este é un programa de atracción de alumnado pero no que o noso participa moi escasamente.
    - SICUE: 42 alumnos do Grao en Dereito e ningún do Dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos, fronte ós 28 en total do curso 2018/2019.
  - Polo que respecta ó alumnado entrante:
    - ERASMUS+: 18 alumnos (19 alumnos no curso anterior).
    - CONVENIO BILATERAL: 33 alumnos, fronte ós 42 do curso anterior
    - SICUE: 10 alumnos fronte ó 6 alumnos do curso anterior.

Observamos, polo tanto, que a pesares da situación derivada da COVID-19 o noso alumnado foi quen de incrementar a súa participación en programas de mobilidade.

### **1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- Os mecanismos de coordinación docente reforzados que se teñen arbitrado tralo Informe de Renovación da Acreditación teñen mellorado o sistema de coordinación entre as diferentes materias. Os coordinadores de curso, nomeados no seo da Comisión de Docencia e Calidade, celebran reunións cos docentes de cada curso e semestre nas que se intentan arranxar potenciais duplicidades. Tamén os mecanismos de coordinación docente teñen servido para corrixir a excesiva carga de traballo que os estudantes padeceron en certas materias nos primeiros anos de implantación do Grao, acusadamente nas semanas de docencia interactiva.
  - Non se trata dun título interuniversitario.
  - A titulación de Grao en Dereito conta cun sistema de prácticas externas coordinado polo Vicedecano de Organización Académica Vicente Sanjurjo Rivo, a través do cal se lle recoñecen aos alumnos créditos de natureza optativa. Estas prácticas son realizadas nas distintas administracións públicas, órganos xurisdiccionais, notarías, rexistros, etc. Máis da metade dos estudantes egresados ten realizado prácticas en empresas e institucións (51.48 % segundo o IN22G). Do curso 2019-2020 non hai datos sobre o grao de satisfacción dos implicados na realización das prácticas

externas, nin do alumnado nin dos titores, por mor da situación COVID que impediu que se fixeran as enquisas.

- A mesma situación COVID foi a que motivou que so unha alumna da Facultade, Cristina Villar Lampón, fixese prácticas extracurriculares en representacións españolas no exterior, en concreto na embaixada de España en Oslo (Noruega), no segundo semestre do curso 2019-2020.
- O título é presencial, aínda que esta presencialidade debe puntualizarse pola necesidade da docencia online no segundo semestre do curso 2019/2020 a consecuencia da situación de pandemia.

#### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

O perfil de ingreso dos alumnos do Grao en Dereito e do Dobre itinerario de Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos ten mellorado ao longo dos pasados cursos académicos, tal e como demostran as notas de corte de acceso a ambas titulacións. No curso 2019/2020, a nota media de acceso por preinscrición no Grao en Dereito foi do 10.48, sensiblemente inferior ao 10.72 do curso inmediatamente anterior e no caso do Dobre itinerario foi de 10.38 fronte ao 11.74 do curso anterior (Vid IN06). Nos dous casos, a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é do 100% (IN07G).

- Polo que se refire a nota de corte, no Grao en Dereito foi dun 6.66, o que supón unha baixada importante, e dun 9.59 no caso do Dobre itinerario fronte ó 9.09 do curso 2018/2019, o que supón unha lixeira subida (vid informe de notas de corte do SUG).

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

A aplicación das distintas normativas axústase á Memoria verificada. Neste punto recórdase que a USC ten establecidas normativas reguladoras da permanencia dos estudantes, sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, etc.

A aplicación do Regulamento dos traballos de fin de Grao da titulación de Graduado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en decembro de 2016 e polo que se arbitra un dobre sistema de avaliación destes traballos (ante titor, na que o estudante pode obter unha cualificación máxima de 8 puntos- e perante tribunal – opción que existía no anterior regulamento e que permite a obtención da cualificación máxima de 10 puntos) está dando os froitos agardados. O texto do novo Regulamento atópase na web da Facultade: <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/normativa/>. No curso 2019/2020 defendéronse 174 TFG do grao en Dereito, dos cales 27 foron presentados ante tribunal (un 15%) fronte ó 85% restante que foron ante titor. É salientable tamén a subida de traballos presentados, 174, fronte ós 137 presentados no curso 2018/2019. Quizais a razón poida atoparse tamén na situación COVID, na que a pesares das dificultades para consultar bibliografía presencialmente, a posta a disposición por parte da Biblioteca Concepción Arenal de recursos electrónicos, xunto coa situación de confinamento domiciliario e a imposibilidade de tempo de ocio para o alumnado, foron circunstancias que confluíron para animar a mais alumnado a presentar o seu TFG.

Ademais, cabe subliñar que o citado Regulamento dos TFG reformouse por acordo da Xunta de Facultade de 26 de xaneiro de 2021 dando unha nova redacción o seu artigo 11, que queda redactado da seguinte maneira:

“11.1. A presentación do TFG, ben sexa perante titor/a, ben perante Tribunal, farase a través da Secretaría Virtual do/a alumno/a, segundo o procedemento que alí se estableza.

11.2. Os/as autores/as dos traballos de fin de Grao, deberán asinar o correspondente documento para autorizar, no seu caso, a súa difusión no repositorio institucional da USC (Minerva), no que declaren que se trata dun traballo orixinal, que non está suxeito a restricións, tales como co-titularidade, dereitos de propiedade industrial ou cláusulas de confidencialidade con empresas”.

A reforma consistía en non especificar a forma de presentación virtual dos traballos, tendo en conta que a aplicación informática muda cada pouco. De acordo con esta premisa, o apartado que sufriu unha maio reforma foi o primeiro.

Por outra banda, anualmente, cada curso apróbanse tamén diferentes resolucións decanais destinadas á ordenación dos procedementos de cambios de grupo ou prácticas externas.



## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publicase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2019/2020 a USC, despois da publicación da primeira fase da renovación da web institucional da USC, iniciouse unha segunda fase de deseño e desenvolvemento das webs de centros. Así, tanto representantes do Gabinete da Reitoría como o Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade mantiveron xuntanzas en febreiro e marzo con representantes de dakanas/os e directoras/os para definir un modelo de deseño e contidos común e avanzar, igualmente, na organización da intranet de centro.

A nova web de Dereito publicarase a finais deste mes de abril de 2021, cos seguintes apartados:

## PRESENTACIÓN

1.1. Texto de presentación: arquivo fora de carpetas+ Galería de imáxenes (carpeta imáxenes 1)

1.2. Localización maps

1.3. INFRAESTRUCTURAS CON AULAS Y ESPACIOS

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/infraestructuras.html>

Fotos.

### INSTITUCIONAL

2.1. Goberno:

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/goberno.html>

2.2. Órganos e Comisións

. Xunta de Facultade

. Comisión Permanente

. Comisión de Docencia e Calidade

. Comisión de Asuntos económicos, infraestructuras e biblioteca

. Comisión de Igualdade

. Comisión de normalización lingüística

. Comisión proba de conxunto homologación de títulos estranxeiros (curso 2018.2019) e Comisión de acceso a maiores de 40 anos

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/organos.html>

2.3. Departamentos que imparten docencia na facultade

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/departamentos.html>

## 2.4. Calidade

### 2.4.1. Política de calidade

(Arquivo en carpeta Institucional)

### 2.4.2. Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Dereito

- Manual de Calidad (Arquivo en carpeta Institucional)
- Manual de procesos (Arquivo: carpeta institucional)

### 2.4.3. Órganos do SGC

- Comisión de Docencia e Calidade (Arquivo carpeta Institucional)

- Responsable de Calidade do Centro

Sonia Esperanza Rodríguez Boente

soniaesperanza.rodriguez@usc.es

- Funcións Responsable de Calidade do Centro  
(arquivo carpeta Institucional).

- Comité Consultivo (Composición concreta: actualizar)

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Comite-consultivo-do-Grao-en-Dereito.pdf>

- Actas xuntanzas do Comité Consultivo

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Acta-15-12-2020-Comite-Consultivo.pdf>

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Acta-21-2-2019-Comite-Consultivo.pdf>

### 2.4.4. Documentación do SGC

#### 2.4.4.1. Planificación e Obxectivos de Calidade

- Plan estratéxico da

Facultade de Dereito

2017/2020, con prórroga aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (03.03.2021).

(Arquivo en carpeta Institucional)

- Memorias de Calidade

Memoria de Calidade 2018.2019, aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (03.03.2021).

(Arquivo en carpeta Institucional)

#### 2.4.4.2. Seguimento dos títulos impartidos no Centro

- Grao en Dereito

Informe de seguimento 2018.2019. (arquivo en Institucional)

- Grao en Criminoloxía

Informe de seguimento 2018.2019 (arquivo en Institucional)

- Máster en Avogacía

Informe de seguimento 2018.2019. (arquivo en Institucional)

• Máster en Estudos Internacionais  
Informe de seguimento 2018.2019. (arquivo en Institucional)

• Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria.  
Informe de seguimento 2018.2019. (arquivo en Institucional)

## ESTUDANTES

### 3.1. Oferta de Graos

. Grao en Dereito

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=14065&estudio=14066&codEstudio=13623&valor=9>

. Grao en Criminoloxía

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=14968&estudio=14969&codEstudio=14459&valor=9>

. Curso Ponte do Grao en Criminoloxía

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=14968&estudio=17407&codEstudio=16676&valor=9>

### 3.2. Oferta dobres titulacións

. Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=16587&estudio=16588&codEstudio=15939&valor=9>

. Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos (2ª ed.)

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=16587&estudio=17193&codEstudio=16500&valor=9>

### 3.3. Oferta de Másters

. Máster en Estudos Internacionais

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=13244&estudio=13245&codEstudio=12838&valor=9>

. Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria, edición virtual

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=17134&estudio=17135&codEstudio=16445&valor=9>

. Máster en Avogacía (Santiago)

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=14745&estudio=14746&codEstudio=14246&valor=9>

. Máster en Avogacía (Lugo)

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=14752&estudio=14753&codEstudio=14253&valor=9>

. Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=18376&estudio=18377&codEstudio=17546&valor=9>

### 3.4. PAT. Plan de acción tutorial.

Arquivo carpeta Estudiantes

### 3.5. Horario de cursos

[https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/horario\\_cursos.html](https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/horario_cursos.html)

### 3.6. Horario de exames

[https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/horario\\_exames.html](https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/horario_exames.html)

### 3.7. Coordinadores/as de curso Grao en Dereito e Grao en Criminoloxía

(arquivo en carpeta estudantes)

(3 arquivos carpeta Estudiantes)

#### •Funciones

(Arquivo carpeta Estudiantes)

### 3.8. Normativa específica Facultade de Dereito

. Regulamento de réxime interno Facultade de Dereito

(arquivo carpeta Estudiantes)

. Normativa de exención de Docencia e modelo normalizado de solicitude.

(2 arquivos carpeta Estudiantes)

. Regulamento TFG , plantilla portada e Modelo de informe do titor

(os 3 arquivos carpet Estudiantes)

. Cambios de grupo (incluir última convocatoria e resolución decanal)

. Prácticas externas

### 3.9. Programas de Mobilidade USC.

#### •RAM Facultade de Dereito.

María Begoña López Portas

[begonha.lopez.portas@usc.es](mailto:begonha.lopez.portas@usc.es)

#### • Destinos e Coordinadores/as ERASMUS+

(arquivo carpeta Estudiantes)

#### •Convenios SICUE.

(Arquivo carpeta estudantes)

#### •Coordinador/a SICUE.

Marta Madriñán Vázquez

[marta.madrinan@usc.es](mailto:marta.madrinan@usc.es)

•Convenios Bilaterais.

•Coordinador/a de convenios Bilaterais.

. Enlaces a Facebook, Twitter

[https://twitter.com/Dereito\\_USC](https://twitter.com/Dereito_USC)

<https://www.facebook.com/FacultadeDereitoUSC>

.Caixa de queixas, suxestións e parabéns.

## PERSOAL DOCENTE INVESTIGADOR

4.1. Normativa específica Facultade de Dereito  
. Regulamento de réxime interno Facultade de Dereito  
(arquivo carpeta Estudantes)

4.2. Horario do Profesorado  
<https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/profesorado.html>

4.3. Horario de cursos  
[https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/horario\\_cursos.html](https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/horario_cursos.html)

4.4. Horario de exames  
[https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/horario\\_exames.html](https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/horario_exames.html)

4.5. Convocatoria axudas docencia/investigación:  
Convocatorias e resolución de concesión:  
(5 arquivos carpeta PDI)

4.6. Instrucción vacacións, permisos e licencias.

.Caixa de queixas, suxestións e parabéns.

## PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

### 5.1. Postos

-Responsable de Unidade de Xestión:

José Luis Quintela Botana

. Misión do posto e funcións básicas.

(arquivo carpeta PAS)

. Extensión: 14753

. Correo-e.

[joseluis.quintela@usc.es](mailto:joseluis.quintela@usc.es)

-Responsable de Asuntos Económicos:

María José Novoa Pérez

. Misión do posto e funcións básicas

(arquivo carpeta PAS)

. Extensión: 14659

. Correo-e:

[mjose.novoa@usc.es](mailto:mjose.novoa@usc.es)

-Posto base asuntos económicos:

Isabel Villanueva Rodríguez

. Misión do posto e funcións básicas

(arquivo carpeta PAS)

Extensión: 14655

. Correo-e:

[isabel.villanueva@usc.es](mailto:isabel.villanueva@usc.es)

-Secretaría do Decanato:

Mónica Carmen Pérez Suárez.

. Misión do posto e funcións básicas.

(arquivo carpeta PAS)

Extensión: 14658

. Correo-e:

[zderdeca@usc.es](mailto:zderdeca@usc.es)

-Xefe de negociado de Dereito.

José Arosa Salgado

. Misión do posto e funcións básicas

(arquivo carpeta PAS)

. Extensión: 14656

. Correo-e:

[jose.rosa@usc.es](mailto:jose.rosa@usc.es)

-Xefa de negociado de Criminoloxía.

María del Carmen Salgado Gómez.

. Misión do posto e funcións básicas.

(arquivo carpeta PAS)

.Extensión: 14680

.Correo-e:

mcarmen.salgado@usc.es

-Persoal de apoio ós Departamentos:

Departamento de Dereito público e teoría do Estado e de Dereito público especial e da empresa:

Emilio Martínez Carballeira

.Misión do posto e funcións básicas.

(arquivo carpeta PAS)

. Extensión:

. Correo-e:

Departamento de Dereito común:

Pablo Pérez Ares

.Misión do posto e funcións básicas.

(arquivo carpeta PAS)

. Extensión: 14735

. Correo-e:

pablo.ares@usc.es

-Conserxe:

Carlos Casado Martínez

. Misión do posto e funcións básicas.

(arquivo carpeta PAS)

. Extensión: 14626

. Correo-e:

[conserxeria.dereito@usc.es](mailto:conserxeria.dereito@usc.es)

- Oficial de servizos:

Alejandro Lema Casal

. Misión do posto e funcións básicas.

(arquivo carpeta PAS)

. Extensión: 14626

. Correo-e:

[conserxeria.dereito@usc.es](mailto:conserxeria.dereito@usc.es)

-Auxiliar Técnico de Informática:

Fina Fernández Díaz

.Misión do posto e función básicas.

(arquivo carpeta PAS)

.Extensión: 14628

.Correo-e:

[finaf.fernandez@usc.es](mailto:finaf.fernandez@usc.es)

5.2. Instrucción sobre vacacións, permisos e licencias.

(arquivo carpeta PAS)



.Caixa de queixas, suxestións e parabéns.

## INVESTIGACIÓN

6.1. Programas de Doutoramento vinculados ás titulacións que se imparten na Facultade.

<https://www.usc.es/gl/centros/ciedus/edi/titulacions.html?plan=15506&estudio=15507&codEstudio=14915&valor=9&orde=true>

6.2. Grupos de investigación da USC dos que forma parte o profesorado da Facultade.  
(arquivo carpeta Investigación).

<https://investigacion.usc.gal/grupos/unidades/1960/listado>

6.3. Investigadores

<https://investigacion.usc.gal/unidades/1960/investigadores>

6.4. Proxectos de investigación en vigor.

<https://investigacion.usc.gal/unidades/1960/proyectos>

6.5. Publicacións

<https://investigacion.usc.gal/unidades/1960/publicaciones>

## ACTAS ÓRGANOS COLEXIADOS

### ACTAS:

.Xunta de Facultade  
2018/2019

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Actas-xuntanzas-Xunta-e-Facultade-2018-2019.pdf>

2019/2020

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Actas-xuntanzas-Xunta-de-Facultade-2019-2020.pdf>

.Comisión Permanente  
2018/2019

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Actas-da-Comision-Permanente-2018-2019.pdf>

2019/2020

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Actas-da-Comision-Permanente-2019-2020.pdf>

.Comisión de Docencia e Calidade  
2018/2019

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Actas-da-Comision-de-Docencia-e-Calidade-2018-2019.pdf>

2019/2020

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Actas-da-Comision-de-Docencia-e-Calidade-2019-2020.pdf>


.Comisión de Asuntos económicos, infraestruturas e biblioteca  
2018/2019

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Actas-Comision-de-AA.EE-infraestructuras-e-biblioteca.pdf>

.Comisión de Igualdade

Polo que se refire á suficiencia e relevancia da información subministrada, de acordo co IN23G: Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, por mor da situación COVID non hai datos do curso 2019/2020.

Ademais faise tamén un uso case diario das redes sociais da Facultade (sobre todo, Facebook <https://www.facebook.com/FacultadeDereitoUSC/> e Twitter @DereitoUSC). Neste senso, tense impulsado as comunicacións co PDI, PAS, alumnos, egresados, administracións, empregadores e demais grupos de interese.



## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun sistema de garantía de calidade formalmente establecido e implantado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. O SGIC marco da USC busca propiciar a mellora continua nos centros, permitindo acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e a renovación dos títulos impartidos, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, abrindo o camiño para a acreditación institucional dos centros de conformidade co establecido no RD 420/2015. Na actualidade o SGIC marco está deseñado segundo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental. Posteriormente, a Comisión de Calidade e Planificación aprobou o 3 de outubro de 2014 unha modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC. Tamén no 2018 aprobouse unha modificación que entraba en vigor en febreiro de 2019, e que afectará os SGICs dos centros. A Comisión de Docencia e Calidade do centro na súa sesión de 11 de marzo de 2019 ten aprobada a creación do Grupo de traballo encargado de adaptar a normativa do centro as esixencias derivadas deste cambio a nivel institucional.

Polo que se refire á Facultade de Dereito, a Comisión de Calidade e Planificación, o pasado 19 de decembro de 2019, aprobou o Manual de procesos da Facultade de Dereito así como a quinta edición do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade, documentos aprobados pola Comisión permanente da Xunta da Facultade de Dereito, con data 23 de xullo de 2019.

Anualmente, elaborase e apróbase a Memoria de Calidade do Centro, na que se recollen informacións sobre o seguimento do SGIC do Centro así como as accións de mellora asumidas a nivel de Facultade.

Cumpre salientar tamén que a Comisión de Docencia e Calidade, en xuntanza de 23 de xuño de 2020, aprobou o Autoinforme de Renovación da Acreditación do Máster en Avogacía (curso 2018/2019).

Tamén cumpre facer referencia a que no curso 2017/2018 aprobouse o noso primeiro Plan estratéxico para a Facultade (2017/2020), e cuxa vixencia rematou a 31 de decembro de 2020. O Vicerreitor de Calidade aconsellou a súa renovación de contidos, non a aprobación dun novo, tendo en conta, que a USC está na mesma situación e seguirá funcionando coa programación plurianual ata o 2022. Precisamente, o modelo a ter en conta é dita programación plurianual.

A renovación do Plan estratéxico da Facultade de Dereito pasa por eliminar determinados obxectivos do plan estratéxico aprobado para o período 2017-2020, ben porque xa están acadados ou ben porque xa non se consideran axeitados na situación actual.

Engádense tamén obxectivos que a actual equipa decanal considera necesario incorporar, ou ben obxectivos que aparecen na programación plurianual da Universidade. A renovación e prórroga foi aprobada en Xunta de Facultade de 26 de xaneiro de 2021 y pola Comisión delegada de Planificación e Calidade do Consello de Goberno de 3 de marzo de 2021.

Este curso académico incorporamos un novo mecanismo para detectar eivas no transcurso da docencia, que consiste

en, por unha banda, institucionalizar o nomeamento de delegados/as de clase (tres por curso académico, correspondentes ós tres grupos de docencia expositiva) e, por outra banda, celebrar xuntanzas do equipo decanal e os/as delegados/as. Isto permitiríanos coñecer de primeira man cales son as preocupacións do alumnado así como corrixir as disfuncións que haxa.

A propósito dos procedementos de avaliación, unha reflexión individualizada merécese a porcentaxe de participación nestes procedementos. Mentres que no caso dos alumnos, no Dobre itinerario acádase unha participación no curso académico 2019/2020 do 39.68%, no primeiro semestre e dun 47.62% no segundo; no Grao en Dereito a porcentaxe foi dun 29.24% no primeiro semestre e dun 28.52% no segundo, baixando notablemente con respecto ó curso anterior, o que en boa medida pode explicarse pola situación COVID. Polo que respecta ó grao de satisfacción coa titulación, as porcentaxes de participación aínda baixan máis: 8.57% no Grao en Dereito e 10.34% no Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos. No caso dos docentes, a porcentaxe de participación é dun 25.71% no dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos e dun 27.27% no Grao en Dereito, baixando tamén o grao de participación con respecto ó curso anterior, o cal tamén se pode explicar pola situación COVID. Nas accións de mellora aprobadas anualmente incorpórase sempre a necesidade de mellorar a porcentaxe de participación, tanto do alumnado como do profesorado. No presente curso académico téñense implementado medidas como implicar ós delegados e delegadas de aula, para que animen ós seus compañeiros e compañeiras a cubrir as enquisas. Asemade, dende o Decanato indicouse ó profesorado que deixase uns minutos ó comezo ou ó final das clases para que o alumnado puidese cubrir as enquisas.

Polo que respecta ó grao de participación nas enquisas de satisfacción cós programas de mobilidade e de prácticas externas, lamentablemente e por mor da situación COVID este ano non dispoñemos de datos.

Ao igual que sucede cos procedementos de avaliación e mellora da calidade, as suxestións e reclamacións desenvolvéronse de acordo ao establecido.

Cuantitativamente, de acordo co Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) correspondente á titulación de Grao en Dereito, temos:

#### 1. RECURSOS:

Presentáronse 13 recursos, dos que, 7 foron desestimados, 4 estimados, 2 estimados parcialmente. En canto ás temáticas:

Convocatorias Esgotadas 1: desestimado

Convocatoria fin de carreira 1: desestimado

Recoñecemento de Estudos 5: tres desestimados e dous estimados

Recoñecementos Erasmus/Sicue (alzada) 1: estimado parcialmente

Validación Parcial de Estudos Estranxeiros: 2: un estimado e o outro estimado parcialmente

Renuncia de convocatorias: 1: desestimado

Recoñecemento de idiomas: 2: un desestimado e o outro estimado

#### 2. RECLAMACIÓNS:

Presentáronse 5 e todas foron desestimadas:

Cambios de Grupo 1

Devolución de prezos 1

Erasmus convenios: 1

Expediente académico: 1

Prácticas en empresas: 1

En calquera caso, trátase dunha cifra de reclamacións, queixas e suxestións moi baixa atendendo ao volume de estudantado do centro. Ademais, destácase tamén a instalación dunha caixa de correo física de "Queixas, suxestións e parabéns" na Facultade. A partires da remodelación da web, que agardamos para finais deste mes de abril de 2021, poñerase este mesmo apartado na web, para que nos fagan chegar as mesmas de xeito online.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A situación COVID que tivemos que xestionar no pasado curso académico, provocou que tiveramos que introducir accións de mellora inmediatas que atenderan ás necesidades derivadas da mesma y que permitisen continuar coa docencia en modo non presencial no período de confinamento domiciliario.

Asemade, foi necesario ir preparando o escenario que, previsiblemente, viviríamos no curso 2020-2021. Hai que dicir, que a ausencia de docencia e avaliación presencial e, polo tanto, alumnado na Facultade, nos meses de maio, xuño e xullo de 2020 permitiu acometer obras do Plan de Melloras do centro. É caso da Sala e lectura, utilizada polo alumnado en época de exames e que acadaba altas temperaturas pola situación que tiña e a falta de ventilación externa, o que motivaba as queixas do alumnado. A reforma da mesma consistiu en derribar a parede que a separaba da sala de informática, o que permitiu a entrada de luz natural. Isto obrigou ó traslado da sala de Informática ó segundo andar da Facultade. Asemade, abríronse novas ventás o que permitiu aumentar a ventilación, cuestión importante para a baixada da temperatura pero tamén polas exixencias de ventilación derivadas da pandemia.

Nas aulas 14 e 15, situadas a carón da sala de lectura, que pasan a estar destinadas a ser un lugar no que o alumnado pode facer traballos en grupo (outra das demandas deste grupo de interese), púxose aire acondicionado, tendo en conta que carecen de ventilación exterior.

Como acción de mellora do criterio 2: información e transparencia, e detectada a falta de información sistemática do alumnado de novo ingreso sobre os servizos existentes, por acordo da Comisión de Docencia e Calidade, aprobouse o Plan de Acción Tutorial da Facultade (PAT).

Repetiuse a acción de mellora, incorporada xa en cursos académicos anteriores) consistente en facer coincidir as prazas de novo ingreso no Grao en Dereito co que aparece na Memoria do Título, solicitando 230 prazas para o Grao en Dereito e 10 para o Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos, solicitude cursada ó Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC. O resultado foi exactamente o mesmo que o de cursos anteriores: facer caso omiso á petición da Facultade, e aprobando só 170 prazas para o Grao en Dereito e 10 para o Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Por outra banda, o feito de que moito do profesorado decidise teletraballar nos meses de maio, xuño e xullo do pasado ano, facilitou tamén acometer o cambio das moquetas por tarimas nos despachos, reforma aconsellada polo Servizo de prevención de riscos da USC. Tamén se cambiaron cadeiras do profesorado inadecuadas, por cadeiras ergonómicas, seguindo tamén a recomendación do servizo de prevención de riscos da USC.

Pola mesma razón, puidéronse poñer mais enchufes nas aulas para cargar os portátiles, tendo en conta que o alumnado queixábase da súa insuficiencia.

Por outra banda, a necesaria adaptación á situación COVID deu lugar a unha batería de accións que se tiveron que implementar con celeridade, tendo en conta que gran parte do segundo semestre do pasado curso foi de docencia online, e en previsión de que neste curso no que estamos (2020-2021) seguísemos na mesma ou parecida situación, como finalmente así foi. Instaláronse pantallas de metacrilato para ofrecer unha atención ó público segura, e sempre con cita previa; mercáronse vinilos de sinalización para orientar a necesaria separación interpersoal; e instaláronse cámaras nas aulas para garantir que o alumnado que non pode asistir ás aulas presenciais polo límite de aforo, poidan seguir en condicións de calidade as aulas dende o seu domicilio.

Finalmente, polo que respecta á acción de mellora da porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida, ou coa titulación, remitímonos á análise ofrecida *supra*, no apartado 3.1.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

#### Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De acordo co Sistema marco de Garantía da Calidade, o sistema debe ser revisado e actualizado polo menos cada tres anos ou sempre que se produzan cambios na organización e/ou actividades do Centro, nas normas que lle afecten, ou como consecuencia de resultados de avaliacións ou revisións do SGIC.

No ano 2018 aprobouse unha reforma do sistema da USC que entrou en vigor en 2019 e que requiriu unha nova adaptación do SGIC do centro. A ratio da reforma non é outra que a revisión e simplificación documental, determinando a supresión do Manual extenso, así como a supresión de procesos e procedementos obsoletos (os documentos atópanse neste enlace: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/sgic.html>). Tal e como se ten recollido no informe en liñas precedentes, o 11 de marzo de 2019 constituíuse un Grupo de traballo no centro para a adaptación as novas esixencias do SGC da USC.

Como resultado deste traballo, o pasado 19 de decembro de 2019, a Comisión de Calidade e Planificación aprobou o Manual de procesos da Facultade de Dereito así como a quinta edición do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade, documentos aprobados pola Comisión permanente da Xunta da Facultade de Dereito, con data 23 de xullo de 2019.

Continuando co xa manifestado no apartado anterior, o bo funcionamento do SGIC deriva en plans de mellora cuxas accións acadan un altísimo nivel de eficacia. A labor da Comisión de Docencia e Calidade do centro neste senso é encomiable, cunha alta frecuencia nas súas xuntanzas.

Os grupos de interese (estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, membros do comité consultivo, etc.) participan activamente na planificación das accións de mellora nos seus respectivos ámbitos de interese.

As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade no centro que procura a mellora continua da titulación do Grao en Dereito e, por conexión, tamén do dobre itinerario con Relacións laborais e Recursos Humanos). Preténdese que a Facultade de Dereito da USC sexa un referente tanto no SUG como no conxunto do sistema universitario español.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O profesorado que participa na impartición do Grao de Dereito conta coa cualificación docente e investigadora esixida, tanto o PDI con vinculación contractual como funcional. Como se mostra na documentación proporcionada, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título é do 95.95% no curso 2019/2020, sensiblemente superior ó 93.51% do curso 2018/2019, e moi lonxe do 44,83% do curso de implantación do Grao (2010/2011); tamén hai que dicir que é superior á media da USC: 84.72%. No dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total é dun 85.42%, tamén por riba da media da USC (84.72%).+

Así mesmo, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total no Grao en Dereito é do 88.04%, tamén algo superior ó 86.96% do curso académico anterior e anterior tamén á media da USC (83.73%), mentres que a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é do 59.78% (algo por riba da media da USC 58.76%) -explicable en boa medida pola medida de conxelación do emprego público experimentada neste anos-, exactamente a mesma que a porcentaxe rexistrada no curso académico 2018/2019. No dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total no curso académico 2019/2020 foi dun 83.61%, bastante mais do 79.13 do curso académico 2018/2019 e por debaixo da medida da USC (83.73%), e a porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total foi dun 59.02%, algo maior que o 55.65% do curso académico 2018/2019 e pouco mais que a media da USC (58.76%).

- A coordinación de prácticas externas curriculares recae no Vicedecano de Organización Académica, persoa de perfil académico solvente.
- Do mesmo xeito sucede en relación cos docentes titores de TFG: son os departamentos os que proponen, en función das liñas de investigación dos docentes, unha listaxe de titores (PDI) por liña temática; logo de ser debidamente convocados, os alumnos proceden á selección de titor/liña de traballo, de acordo cos procedementos establecidos na normativa aplicable (vid normativa de centro ad hoc, o Regulamento de TFG da Facultade de Dereito).
- Na titulación de Grao en Dereito, a media de alumnos por grupo de docencia expositiva é unha das mais altas da USC : 75.26 aínda que baixou algo con respecto ó curso académico anterior: 75.26 (IN55G) e a media de alumnos por grupo de docencia interactiva 36.87 (IN32G) é unha das mais altas de toda a Universidade, moi por riba dos 22.32 da media da USC, o que se traduce nunha sobrecarga de traballo para o PDI, ao soportar grupos de docencia maiores. Dados os mecanismos de corrección establecidos a custo cero (i.e., redución de grupos de docencia expositiva e



interactiva), pode afirmarse que o profesorado é suficiente para desenvolver a súas funcións e atender aos estudantes. As peculiaridades xa sinaladas en relación co elevado número de alumnos que accederon á titulación nos primeiros cursos de posta en marcha do título, súmase na práctica outro elemento de distorsión: os alumnos repetidores. Estes alumnos non computan como tales aos efectos de reivindicar maior número de docentes para satisfacer as súas necesidades e cumprir así co disposto na Memoria, o que motivou a mencionada redución de grupos de docencia tanto expositiva como interactiva, así como a supresión das titorías en grupo reducido (mantéñense as titorías prestadas a nivel individual por cada un dos docentes). No Dobre itinerario dereito/relacións Laborais e recursos humanos, a media de alumnos por aula de docencia interactiva é de 33.95, fronte ós 22.32 da media da USC).

- A Universidade de Santiago de Compostela ofrece, a través do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID), oportunidades de formación docente a través da celebración de diversos cursos. Algúns destes están especialmente enfocados aos docentes da Facultade (<http://www.usc.es/es/servizos/pfid/>). O grao de participación do PDI do Grao en Dereito nos cursos de formación incrementouse exponencialmente no curso 2019/2020 54.55% con respecto ó curso 2018/2019 (21.21%) o que se xustifica pola necesidade do PDI que imparte docencia no Grao en Dereito de adaptarse ás tecnoloxías de docencia e avaliación derivadas da necesidade de facer fronte á situación de confinamento domiciliario (campus virtual, Microsoft Teams para a docencia online. etc.)

- Á marxe de outros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), o profesorado da Facultade participou e participa nos programas de mobilidade xestionados pola USC (Erasmus docente, convenios bilaterais, etc.), seguindo os calendarios e convocatorias establecidos pola propia Universidade no seu portal da Oficina de Relacións Exteriores: [http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/erasmus/pdi\\_outgoing.html](http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/erasmus/pdi_outgoing.html). Valoramos moi positivamente neste apartado o feito de que tal participación se realizara de xeito ininterrompido en todos os cursos académicos. A porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título; pero tamén merece unha reflexión o feito de que o nivel de participación sexa tan baixo no Grao en Dereito: un 8.16, maior que no curso anterior (que foi dun 2,04%). Quizáis as excesivas obrigas docentes do profesorado e o número deficitario do mesmo, fagan moi difícil para o profesorado participar nun programa de intercambio, cando non hai compañeiros/as que poidan substituílo nas súas tarefas docentes. O pasado curso académico outra causa que xustifica a baixa participación pode ser a situación de pandemia.

- Perante a falta de dotación de prazas precisas para a impartición dunha docencia de excelencia, tivéronse que practicar readaptacións, sen que iso repercuta na calidade da docencia e dedicación ao alumnado. De feito, o IN46-G Satisfacción do alumnado coa docencia recibida, curso académico 2019/2020, avala este dato, ao darse unha valoración media alta (un 3.95 sobre 5), subindo algo con respecto ó curso académico anterior (3.81). No Dobre itinerario Dereito/relacións laborais e recursos humanos foi dun 3.77 sobre 5, subindo algo con respecto ó 3.74 do curso anterior.

#### 4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- O persoal de administración e servizos que desenvolve a súa labor na Facultade de Dereito é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o PDI e estudantes. Con todo, do mesmo xeito que sucede no caso do PDI, sufriron recortes nos últimos anos. De acordo coa E-16-*Información sobre ou persoal de apoio*, o Centro conta con 13 PAS, se ben non todos prestaban servizos directos ao Grao en Dereito no curso 2019/2020 (sucede cos destinados no CEDE, un xefe de negociado destinado na Escola de Práctica Xurídica ou no Negociado de Criminoloxía, por exemplo). Destácase a antigüidade no posto e na escala, superior aos 8 anos excepto en dous casos. No presente curso académico 2020/2021 o Xefe de negociado da Escola de Práctica Xurídica pasou a ocupar o seu posto para toda a Facultade.
- Todo o PAS conta co nivel de cualificación esixido. Aínda que, faise constar que o proceso de selección do persoal de administración e servizos, así como o seu destino, non é competencia do Centro, polo que tampouco procede valorar a contratación e mellora do persoal de apoio máis aló da reivindicación de que o PAS alixeire a excesiva carga de traballo de xestión que na actualidade é asumida polo PDI.

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece oportunidades aos membros do PAS para actualizarse e continuar coa súa formación. Na práctica, tradúcese nos niveis de participación en cursos recollidos no documento *Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación*. Especialmente salientable é o alto índice de participación do curso 2019/2020 (83.33%) que representa unha subida moi significativa fronte ó (58.33%) do curso inmediatamente anterior, o que demostra o grao de implicación coa formación continua do noso persoal de administración e servizos.

Así mesmo, o *Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos* no curso 2019/2020 revela que a media de satisfacción do PAS do Centro co seu traballo é dun 5.00, no que se destaca o sentimento de pertenza a un grupo de traballo (5.00) e a facilidade para expresar as súas opinións no lugar de traballo (4.00).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- A información sobre as aulas da Facultade atópase na web: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/equipamentos>

Xa fixemos referencia supra á reforma da Sala de lectura, utilizada polo alumnado en época de exames e que acadaba altas temperaturas pola situación que tiña e a falta de ventilación externa, o que motivaba as queixas do alumnado. A reforma da mesma consistiu en derribar a parede que a separaba da sala de informática, o que permitiu a entrada de luz natural. Isto obrigou ó traslado da sala de Informática ó segundo andar da Facultade. Asemade, abríronse novas ventás o que permitiu aumentar a ventilación, cuestión importante para a baixada da temperatura pero tamén polas exixencias de ventilación derivadas da pandemia.

Nas aulas 14 e 15, situadas a carón da sala de lectura, que pasan a estar destinadas a ser un lugar no que o alumnado pode facer traballos en grupo (outra das demandas deste grupo de interés), púxose aire acondicionado, tendo en conta que carecen de ventilación exterior.

- A Facultade de Dereito conta coa Biblioteca Concepción Arenal nas súas proximidades, cunha superficie 7.410 m<sup>2</sup> na que se pon a disposición dos seus usuarios as seguintes salas: Salas de lectura (3 andares inferiores): 1.030 postos de lectura; Sala de Traballo en grupo con 30 postos; 2 Salas de Formación con 60 postos; Salas de

Investigación (2 andares superiores): 75 postos individualizados; Depósito: Con fondo antigo (obras desde o século XVI).

A Biblioteca Concepción Arenal tamén se viu afectada pola situación COVID e todo o seu persoal puxo tódolos medios ó seu alcance para paliar os seus efectos, tanto polo que respecta á realización do traballo do seu persoal, como no relativo a ofertas os servizos que lle son propios. No primeiro aspecto, potenciouse o uso da Intranet como canle de comunicación e organización do traballo non presencial e se formaron grupos de traballo específicos para abordaxe de proxectos e tarefas ligadas á situación de pandemia: Ezproxy, portal de investigación, e guías de recursos.

Polo que fai referencia ós servizos ós usuarios, potenciouse o papel dos recursos electrónicos e recursos en liña. Acordouse a prórroga de subscricións rematadas solicitando o apoio dos provedores nunha situación extraordinaria. Xestionouse a solicitude de acceso remoto por claves, en lugar de acceso por IP, para favorecer ós alumnos que non podían facer uso do proxy da Universidade debido ó confinamento domiciario.

Ademais, diversos provedores, editores e institucións ofreceron á Biblioteca o acceso a distintos recursos como apoio á Universidade. Cabe distinguir entre accesos de proba (trials) de recursos e o acceso libre a documentación sobre investigación Covid-19.

O servizo de préstamo interbibliotecario continuou funcionando para documentos electrónicos. Durante o período do 13 de marzo ó 30 de xuño o servizo recibiu un total de 1440 peticións.

Ademais, debido ás limitacións da páxina web actual da BUSC deseñouse unha nova páxina, a BUSC en liña, WordPress, que permitiu unha autonomía e inmediatez na información aos usuarios imposible de acadar coa páxina oficial. Así, o día 17 de marzo comezou a funcionar a BUSC EN LIÑA (ABEL), creada para concentrar a información dos servizos e recursos en liña nun só sitio e facelos máis claros e accesibles para os usuarios. A páxina estivo en constante evolución e actualización durante todo o confinamento, adaptándose ás circunstancias de cada momento.

Houbo 23 novos recursos temporais en acceso aberto para as Universidades e 8 modificacións das condicións para facilitar o acceso remoto ós recursos subscritos.

E, por último, tamén se traballou na Concepción Arenal no curso académico 2019/2020 na preparación do curso 2020/2021, nas bibliografías recomendadas, cunha orientación das adquisicións en material para a docencia. Deste xeito, procedeuse a unha redefinición da política de adquisición de monografías en función da situación, sobre todo no ámbito das monografías, pola importancia da non presencialidade e o acceso online. Así, deuse prioridade a dous aspectos: 1. Prioridade a adquisición de títulos en formato electrónico, en función da dispoñibilidade editorial e 2. Reforzo da importancia da adquisición de títulos dirixidos ó estudo e apoio á docencia, sobre todo manuais con uso comprobado na versión en papel. Así, terán importancia os manuais en español das bibliografías recomendadas e a versión en online de títulos en papel con un número de préstamos importante.

- A Biblioteca xoga un papel fundamental na difusión e valoración da investigación do PDI da Facultade co mantemento ao día da súa produción científica, tanto monografías coma artigos, capítulos de libro e teses de doutoramento no catálogo da Biblioteca, en Dialnet, e nos seus rexistro persoais de ORCID. Asimesmo fai unha aposta decidida pola difusión da ciencia en aberto co mantemento do repositorio da USC MINERVA con esa produción científica en os TFGs e TFM's mellor cualificados. (<https://investigacion.usc.gal/>)
- A biblioteca conta con rede wifi en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.
- A consecuencia da nova situación derivada do COVID-19 a Facultade de Dereito subscibeu, ata o mes de setembro, o acceso ao texto completo de todos os libros que a editorial Tirant on line ten na súa Biblioteca Virtual, e que inclúe moitos dos manuais das bibliografías recomendadas o acceso é a través do enlace que hai na compilación de recursos ReBUSCa da Biblioteca a través do enlace é: <https://busconline.gal/recursos/?wpvmateria=dereito>
- Por último, existe a ferramenta do Campus Virtual, ferramenta que dá soporte aos procesos de ensino-aprendizaxe desenvolvidos na Universidade de Santiago de Compostela. A plataforma institucional, baseada en Moodle, proporciona unha contorna educativa virtual a través do cal se logra unha boa integración na docencia e favorécese o proceso de aprendizaxe (<https://cv.usc.es/>). A nova situación derivada da pandemia, obrigou tamén a facer melloras na contorna de ensinanza aprendizaxe virtual, aumentando a súa capacidade, mellorando a formación do profesorado no seu emprego (tanto no que fai referencia á docencia como á avaliación) e a activar outras opcións de docencia interactiva como pode ser Microsoft Teams.

O Centro carece de servizos propios de orientación académica e orientación profesional. Estes servizos son prestados con carácter xeral pola propia Universidade de Santiago de Compostela a través de distintas oficinas tales como a OIU (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/>), sen prexuízo de que desde o Decanato da Facultade e desde a Conserxería aténdanse a certas demandas de información por parte do alumnado. É relativamente frecuente que os alumnos acudan a profesores/ titores/ coordinadores en procura de orientación non só académica, senón tamén profesional. Asemade, desde o Decanato trabállase na celebración de xornadas de orientación laboral e emprego – que na actualidade están transcorrendo pola súa quinta edición. Debido á situación derivada da pandemia COVID-19, as xornadas do curso académico 2019/2020 celebráronse de xeito virtual, a través do campus virtual da USC. Seguindo o seguinte programa:

## V XORNADA

### “As saídas laborais para graduados en Dereito”

**Organización:** Decanato da Facultad de Dereito

**Data:** Maio (5, 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28), Xuño (2)

**Lugar de celebración:** Aulas Virtuais Coordinación do Grao en Dereito e Coordinación do Dobre Grao en Dereito e Relación Laborais

### PROGRAMA

#### 1ª SESIÓN: 5 de maio

10:00h.: **O exercicio profesional da avogacía**

María Jesús Veito Mayo

*Avogada*

#### 2ª SESIÓN: 7 de maio

10:00h.: **A figura do procurador**

María Victoria Puertas Mosquera

*Procuradora*

#### 3ª SESIÓN: 12 de maio

10:00h.: **A carreira xudicial**

Ana López-Suevos Fraguela

*Maxistrada*

*Xulgado de Instrucción nº1 Santiago de Compostela*

**4ª SESIÓN: 14 de maio**

10:00h.: **Avogacía do Estado**

Juan José Vázquez Seijas

*Avogado do Estado-Jefe*

**5ª SESIÓN: 19 de maio**

10:00h.: **As oposicións ao Corpor Superior de Inspectores de Traballo e da Seguridade Social**

Cecilia Garza González

*Inspectora de Traballo*

**6ª SESIÓN: 21 de maio**

10:00h.: **As oposicións a Letrado/a da Seguridade Social**

María José de Lamas Burón

*Letrada da Seguridade Social*

**7ª SESIÓN: 26 de maio**

**10:00h.: As oposicións a Letrado/a da Xunta de Galicia**

José Luis Benedito Cadórniga

*Letrado da Xunta de Galicia*

**8ª SESIÓN: 28 de maio**

**10:00h.: As oposicións a Notarías**

Faustino Rodríguez-Segade Vázquez

*Notario*

**9ª SESIÓN: 2 de xuño**

**10:00h.: Axencia Estatal de Administración Tributaria: unha oportunidade profesional para os graduados en Dereito**

Patricia Cardador González

*Inspectora Coordinadora Delegación Especial AEAT*

- Este tipo de eventos súmanse ás actividades desenvolvidas en por a área de Orientación Laboral da USC (<http://www.usc.es/es/servizos/saee/aol/>).
- Os servizos de atención ao estudante tamén son competencia xeral da Universidade de Santiago de Compostela, sen prexuízo das actuacións particulares por parte do PDI e PAS da Facultade de Dereito.
- Polo que se refire aos programas de acollida e apoio, na primeira semana do curso en setembro tivo lugar unha "Xornada de benvinda para o alumnado de primeiro curso do Grao en Dereito e do Dobre itinerario en Dereito e Relacións laborais e Recursos humanos" (setembro de 2019).
- Por outra banda, e como xa dixemos, na xuntanza da Comisión de Docencia e Calidade de 4 de decembro de 2019, aprobouse o PAT (Plan de Acción Tutorial) da Facultade de Dereito, coas accións informativas adicadas ó alumnado, tanto ó inicio dos seus estudos como no transcurso dos mesmos e ó finalizar para encamiñar a súa futura actividade profesional. Os contidos do PAT son sempre os mesmos; cambian as datas nas que teñen lugar as distintas actividades, así como as persoas encargadas de cada unha das tarefas. Na actualidade o texto do PAT é o seguinte:

**PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DA FACULTADE DE DEREITO:**

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Dereito comprende actividades de acollida e orientación dirixidas aos estudantes, no momento da súa incorporación á universidade e tamén ao longo dos seus estudos. Realízase coa finalidade de favorecer a integración do estudante no entorno universitario, estimular a súa aprendizaxe e apoiar o deseño da súa carreira profesional e a búsqueda de emprego.

- **Orientación a estudantes de novo ingreso**

- Xornada de acollida e presentación da Facultade. Estudantes de grao: 10/9/2019 ás 10 horas no Salón de Actos.

o Acompañamento a través do [Programa de Alumnos Tutores da USC](#). Este programa ten como obxectivo formar ao alumnado seleccionado para que poida dar acollida aos estudantes de novo ingreso. No curso 2019/20 os alumnos tutores da Facultade son Elena Castro Celeiro, Raquel Saqués Salgado, Yolanda Gromaz Iglesias e Yolanda Pomarol Riveras.


#### **Orientación ao longo dos estudos**

- o Sesión informativa sobre programas de mobilidade (24 de outubro)
- o Sesión informativa sobre o TFG (26/09/2019 ás 13:30 horas na Aula 4)
- o Sesión informativa sobre Prácticas Externas (26/09/2019 ás 12:30 horas na Aula 4)
- o Guías de [Mobilidade](#), [Prácticas externas](#) e [TFG/M](#)
- o Programa de [Apoio Titorial Extraordinario da USC](#) para axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presentan especiais dificultades

#### **Orientación para a toma de decisións ao finalizar os estudos**

- o Conferencias sobre procura de emprego e emprendemento
- o Sesión informativa sobre oferta de formación de posgrao
- Ademais, dentro do programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC", a Facultade recibiu a visita de alumnos de bacharelato – potenciais estudantes da Facultade. Neste marco tamén se destaca o Programa de tutores, a través do cal alumnos de cursos superiores realizan titorizacións dos alumnos recen chegados (2 estudantes solicitaron ser incluídos no programa para as 4 prazas ofertadas).





### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados de aprendizaxe acadados polos Graduados en Dereito son coherentes co perfil de egreso, satisfán os obxectivos do programa formativo e correspóndense co nivel do MECES da titulación, de tal xeito que os graduados acadan as competencias básicas, xerais e específicas, previstas na Memoria. Neste sentido, non se produciron cambios que afecten ao perfil de egreso.

- As actividades académicas desenvólvense seguindo os distintos períodos previstos na programación académica anual da Universidade de Santiago de Compostela (PDA, POD, calendarios de clases e exames, etc).

- As actividades de ensino/aprendizaxe e de avaliación apóianse en boa medida no Campus Virtual da USC, que, xestionado polo Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA) da Universidade, ofrece recursos docentes en internet e un soporte para cursos virtuais que veñen utilizando, con carácter cada vez máis xeneralizado, como recurso de apoio para a docencia (vid supra o disposto en materia de recursos materiais e servizos - Criterio 5). Como xa dixemos, a nova situación derivada da pandemia, ten situado a estas ferramentas de docencia virtual no centro da actividade actual de docencia, e mesmo de avaliación. Á ferramenta Moodle (campus virtual) únense outras como pode ser o Microsoft Teams.

Con carácter xeral, as guías docentes, elaboradas anualmente polos profesores para cada unha das materias, son as encargadas de establecer os obxectivos, contidos da materia (programas debidamente actualizados), competencias a adquirir, metodoloxía, bibliografía recomendada, recomendacións para o estudo da materia así como o sistema de avaliación e a valoración de cada unha das actividades realizadas polo estudante, para outorgar a cualificación final. Esta información recóllese na web de modo individualizado para cada materia.

No curso pasado, aparecen nas guías docentes das materias a metodoloxía docente e o sistema de avaliación que cada docente empregará en cada un dos escenarios posibles derivados da situación COVID: Escenario 1: docencia totalmente presencial; escenario 2: docencia semipresencial e escenario 3: docencia 100% online (suposto de confinamento domiciliario, como o que vivimos o pasado curso académico).

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Dereito ofertado na nosa Facultade segue a ser o de maior demanda de todo o Sistema Universitario Galego, con 635 solicitudes de admisión no curso 2019/2020, cunha nota de corte de acceso desde o bacharelato de 6.76 e unha nota media dos alumnos matriculados dun 10.94 (fonte: CIUG).

A tendencia mantense no dobre itinerario Dereito- Relacións laborais (simultaneidade de estudos), pasando, polo que respecta á nota de corte, dun 8,91 no curso 2015/2016 ao 9.59 no 2019/2020, e a unha nota media de 10.30.

Polo que se refire ós resultados do título, con data 17 de decembro de 2020 a Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade da USC publicou o Memorando M<sup>n</sup> Distribución de notas no Grao en Dereito, no que se expón que máis aló da percepción que se teña do resultado da avaliación do proceso ensino-aprendizaxe que tivo lugar no segundo semestre do curso 2019-2020, é importante monitorizar os resultados finais en función da distribución de cualificacións. Co obxectivo de analizar a distribución normalizada das cualificacións nas titulacións oficiais de Grao durante o curso 2019-2020 fíxose unha táboa coas cualificacións no intervalo 0 a 10 en tramos de 0,1, cuantificando o número de notas tras as dúas oportunidades de cada convocatoria.

Asemade, como xa expuxemos supra a Instrución da Secretaría Xeral 2/2020 para a aplicación do artigo 4.3 do Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola Covid-19, de acordo coa cal "1. O profesorado cubrirá as actas das materias anuais e do segundo cuadrimestre, incluídos TFG, TFM e prácticas do curso 2019/20 conforme ao réxime ordinario, incluíndo a cualificación que corresponda. 2. No caso de que o/a estudante supere a materia e a cualificación obtida sexa inferior á nota media do seu expediente, calculada conforme ao indicado nesta Instrución, a cualificación que se imputará no expediente será esta última". Esta medida afectou considerablemente ós resultados de avaliación global do curso 2019-2020. O valor numérico da media implica unha subida do 9,1%, de xeito que a nota media subiu do 6,50 ao 7,09. O perfil de cualificacións é moi semellante, cunha redución notable da dispersión para o curso 2019- 20. O perfil no rango dos sobresalientes é totalmente simétrico. O número de cualificacións onde se activou a cláusula da salvagarda da nota media do expediente unha vez superada a materia foi do 30,0%.

• Tendo en conta o que acabamos de sinalar, analizaremos, en primeiro lugar, os resultados de aprendizaxe do GRAO EN DEREITO:

Polo que respecta á TAXA DE ÉXITO (relación créditos superados de los presentados), con carácter xeral, a taxa é dun 93.18 (por debaixo da media da USC: 94.17). E analizando as materias en concreto, en comparación co informe anterior, as porcentaxes suben en tódalas materias; ostensiblemente nalgunhas (G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, que pasa do 51,94, no curso 2018/2019 ó 65.81% no 2019/2020; G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa do 49,80%, no curso 2018/2019 ó 81.82% no 2019/2020; G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito, que pasa do 67.16% no curso 2018/2019, ó 79.13 no 2019/2020.

TAXA DE RENDEMENTO (relación entre créditos superados e os créditos matriculados). Con carácter xeral, no Grao en Dereito a taxa de rendemento é de 87.70, por debaixo da media da Universidade (88.71). A porcentaxe sube notablemente en tódalas materias. É especialmente salientable nas seguintes materias: G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, que pasa dun 30.04% no curso 2018/2019 a un 56.14 no 2019/2020; G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito, pasa dun 52.09 % no 2018/2019 a un 70.53 % no 2019/2020; G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 68.66% no curso 2018/2019 a un 91.92% no 2019/2020. E a subida é espectacular na materia G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 27.99% no curso 2018/2019 a un 70.43% no curso 2019/2020.

TAXA DE AVALIACIÓN. Con carácter xeral a taxa é dun 94.12, (un pouco por debaixo da medida da USC: 94.17). As porcentaxes do curso 2019/2020 son en xeral máis altas que as do curso 2018/2019, aínda que cumpre salientar dous materias nas que sube notablemente: G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, pasa dun 57.85% no curso 2018/2019 a un 85.31% no curso 2019/2020 e G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 56.21% no curso 2018/2019 a un 86.09% no curso 2019/2020.

Por último polo que respecto ó Grao en Dereito a taxa de graduación é dun 44.84, lonxe do 58.53 que representa a media da USC. A duración media dos estudos se sitúa en 5.10 anos (a media da USC é de 5.06) e a taxa de abandono durante o primeiro curso é dun 11.59%, fronte ó 16.64 % que representa a media da USC. Pola súa banda, a taxa de abandono RD 1393/2007 é dun 25.45%, por riba da medida da USC: 23.01%.

Con respecto ao DOBRE ITINERARIO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS. Con carácter xeral, a taxa de rendemento é superior á da media da USC (88.71), situándose no 89.84. Nesta análise centrarémonos nas materias propias do Grao en Dereito. Hai que ter en conta que non nos atopamos cun título específico senón cun dobre itinerario e que, ao rematar os seus estudos, o alumnado do mesmo terá dous títulos de grao: Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.

- Polo que respecta á TAXA DE RENDEMENTO:

Con carácter xeral, a taxa de rendemento é dun 89.84% fronte o 88.71% media da Universidade. Observando as materias en concreto, é preciso salientar, por unha banda, e produce satisfacción dar conta da subida da mesma nas seguintes materias: G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, que pasa dun 80% no 2018/2019 a un 100% no curso 2019/2020; G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 37.50% no 2018/2019 a un 100% no 2019/2020; G3161228 - Dereito Administrativo I - Instrumentos da Actividade Administrativa, pasa dun 50% no curso 2018/2019 a un 100% no curso 2019/2020.

É de lamentar a baixada en materias como G3161326 - Organización Xudicial e Proceso, que pasa dun 92.31% no curso 2018/2019 a un 33.33% no 2019/2020; G3161329 - Dereito Penal, parte especial - Delitos contra a Orde Socioeconómica e contra a Comunidade, pasa dun 95.65% no curso 2018/2019 a un 60% no 2019/2020; G3161330 - Dereito Procesual Penal, pasa dun 91.30% no curso 2018/2019 a un 66.67% no 20189/2020.

- TAXA DE ÉXITO:

Con carácter xeral é dun 93.77%, algo por debaixo da media da USC (94.17%). Referíndonos ás materias en concreto, temos que dar conta tamén da elevación da taxa de éxito nas materias G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 50% no 2018/2019 a un 100% no 2019/2020; G3161228 - Dereito Administrativo I - Instrumentos da Actividade Administrativa, que pasa tamén dun 50% no curso 2018/2019 a un 100% no 2019/2020.

E, pola contra, hai que lamentar a baixada noutras como G3161223 - Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil (pasa dun 100% no curso 2018/2019 a un 66.67% no 2019/2020); G3161326 - Organización Xudicial e Proceso, que pasa dun 92.31% no curso 2018/2019 a un 33.33% no 2019/2020; G3161329 - Dereito Penal, parte especial - Delitos contra a Orde Socioeconómica e contra a Comunidade, que pasa dun 100% no curso 2018/2019 a un 60% no 2019/2020.

- TAXA DE AVALIACIÓN:

Con carácter xeral, é dun 95.82%, algo por riba da media da USC (94.21%). Observando as materias en concreto, de novo hai que felicitar pola subida da taxa nas materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, que pasa dun 80% no 2018/2019 a un 100% no curso 2019/2020; G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 75% no 2018/2019 a un 100% no 2019/2020; G3161122 -

Dereitos Reais, que pasa dun 50% no curso 2018/2019 a un 100% no curso 2019/2020; G3161223 - Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, pasa dun 50% no curso 2018/2019 a un 100% no curso 2019/2020. G3161104 Fundamentos Históricos do Dereito, que pasa dun 66.67% no curso 2018/2019 a un 100% no curso 2019/2020.

Pola contra, baixa lixeiramente na materia G3161330 - Dereito Procesual Penal, que pasa dun 100% no curso 2018/2019 a un 83.33% no curso 2019/2020.

Por último, a taxa de abandono durante o primeiro curso no dobre itinerario é altísima: un 31.25%, case duplicando a media da USC (que é dun 16.64%). É preciso ter en conta que o alumnado que abandona o dobre itinerario en primeiro curso, adoita solicitar o traslado ó Grao en Dereito. De feito, no curso 2019/2020 8 alumnos do dobre itinerario solicitaron o devandito traslado.

